



GUIAS OFICIALES  
de Pontevedra

Guías Oficiales e Servicios Turísticos

## **PRESENTACIÓN DO CURSO: “A Pegada do Pasado: Recursos Arqueolóxicos visitables da provincia de Pontevedra”**

Un aspecto fundamental para a correcta difusión e promoción dos recursos turísticos é dispor de guías e informadores turísticos. Estes profesionais serán os encargados de mostrar, de maneira adecuada e axustada á realidade, a gran variedade de recursos turísticos históricos, artísticos, patrimoniais, culturais e ambientais da nosa Comunidade, así como de asistir e orientar ao turista e ao visitante no goce adecuado destes.

Nos últimos anos Galicia en xeral e a provincia de Pontevedra en particular, está a incrementar o seu número de visitantes en torno a cultura relativa A ARQUEOLOXIA. Turismo Rias Baixas promociona visitas de lugares de interese, vinculados o noso pasado, de gran interés turístico, histórico, que se atopan en toda a xerografía galega.

A Deputación Provincial de Pontevedra e o Instituto de Ciencias do Patrimonio del CSIC están desenvolvendo dende Maio do 2010 un proxecto de posta en valor da área arqueolóxica de A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra) na zona cero do turismo estival das Rías Baixas. Este proxecto de Xestión Integral do Patrimonio conta con tres líneas específicas de investigación aplicada en difusión, comunicación e didáctica con as que se busca non so a interacción coa comunidade local (propietaria do xacemento), senon tamén a sua participación activa no desenvolvimiento dos traballos. Todo esto consideramos que pode ser de grande interese para os Guias Especializados de Galicia.

## **OBXECTIVOS**

Consideramos moi importante potenciar as relacións entre os profesionais do sector turístico e difundir a conexión dos recursos de distintas localidades e áreas do territorio para facilitar a articulación da oferta no destino turístico.

O obxectivo deste curso é dárllles a coñecer a todas aquelas persoas profesionais do sector, que traballan directamente con grupos de turistas ou que se atopan á fronte de oficinas de turismo, todos estes recursos e dárllles a importancia e o recoñecemento que merecen, para que todo aquel que nos visite coñeza as moitas opcións que os xardíns de inverno ofrecen. No caso da ampliación do CONGRESO INTERNACIONAL, é importante que os guías e os informadores sexan dos primeiros en saber explicar o que alí está exposto.

- Intentar que se inclúa a organización de visitas guiadas os roteiros de ARQUEOLOXIA
- Dar a coñecer os profesionais da información turística os mais singulares lugares da provincia.
- Poñer en valor un novo recurso turístico que ademais axude a desestacionalizar o sector.
- Darlle máis protagonismo os recursos que hai na comunitade

## **DATAS**

10,11, e 12 de Febreiro de 2015

## **HORARIO**

de 10:00 a 14:00

de 16:00 a 20:00

**(24 horas homologables)**

# PROGRAMA

## PRIMEIRA XORNADA (10/2/2015)

9:30: Entrega de documentación.

10:00: Presentación e apertura do curso.

### Temática Prehistórica. ( Mámoas e Petroglifos)

10:15 “Marcas na paisaxe: estratexias para a presentación ó público dos petroglifos da provincia de Pontevedra”.

Don José Manuel Rey García. Director do Parque Arquelóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro. CCEOUI. Xunta de Galicia

11:30 Breve pausa para café.

12.00 “Mámoase dólmenes, recursos megalíticos da Provincia de Pontevedra”.

Dña. Patricia Mañana Borrazás. Arqueóloga especialista en Megalitismo.

### Temática Protohistórica e Roma (Arqueológico, clásico).

16:00 “Castros e outro tipo de xacimentos da Idade del Ferro visitables na Provincia de Pontevedra”

D. Rafael Rodríguez. Arqueólogo Diputación de Pontevedra.

## SEGUNDA XORNADA (11/2/2015)

10.00 “¿Qué nos deixron os romanos? Xacimientos romanos visitables na Provincia de Pontevedra .”

D. Adolfo Fernández Fernández. Investigador da FCT Universidad de Coimbra.

11:15. Breve pausa para café.

### Idade Media e Idade Moderna. Xacimientos arqueológicos de cronoloxía histórica.

12:00 ”Patrimonio arqueológico Medieval e Moderno da Provincia de Pontevedra. “

D. José Suárez Otero. Doctor en Arqueología.

### **Visitas:**

Área Arqueológica de A Caeira. Poio (Pontevedra)

Mámoa do Rey. Chan de Castiñeiras. Vilaboa (Pontevedra)

## **TERCERA XORNADA (12/2/2015)**

### **Visitas:**

Santuario Galaico Romano de O Facho . Donón (Pontevedra)

- Almorzo Restaurante O Rincón de Roberto.

Xacimiento de Adro Vello. O Grove (Pontevedra)

Torre de San Sadurniño. Cambados (Pontevedra)

## **CONDICIONES**

Será requisito imprescindible a asistencia ao 80% das horas totais do curso, a acreditación da asistencia realizarase a través dun control diario de sinaturas.

As prazas son limitadas e a inscrición será por rigorosa orde de inscrición.

O curso está dirixido a guías oficiais, técnicos de turismo e a informadores/as turísticos/as. No caso de que queden prazas vacantes abrirase a inscrición a diplomados/as de Turismo ou técnicos/as superiores en guía, información e asistencia turísticas e a licenciados/as en Historia da Arte.

Remitirase información detallada do curso ás distintas asociacións da Comunidade e ás principais oficinas de turismo de toda a zona.

Ademais publicarase na web de TURISMO RIAS BAIXAS.